VII XORNADAS DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN
SOBRE A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEIP Francisco Vales Villamarín - IES Francisco Aguiar - IES As Mariñas
ANPA Brigantium - ANPA O Carregal - ANPA As Mariñas
CFR A Coruña - Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
Concello de Betanzos
7 e 8 de xuño de 2019 – Aula de Cultura Xulio Cuns (edificio Arquivo) BETANZOS

Os sentiementos tamén son importantes en educación

08/06/2019 Liceo, Betanzos

Candela Lagares, Clara Blanco e Javier Sánchez entrevistan a **María del Carmen Mosquera Castro,** directora do IES David Buján. Ten unha licenciatura en Filoloxía Hispáncia e Galego-Portuguesa.

Foto de Marcelo Barreiro(IES Francisco Aguiar)

Clara: Como é que tendo coñecemento de modelos exitosos coma este, as administracións non as amplían ao conxunto de centros?

Carmen: Faise a base de moito traballo voluntario. A administración, todo o que sexa aumentar plantillas, suponlle moitos cartos. Ao final, sempre é o mesmo e non ten solución.

Candela: Que lle apotou ao instituto nestes últimos 4 anos?

Carmen: Como non tiña nada que aportar e non sei dicir que non, fixenme directora. Aporteille ao instituto apoio e ganas de traballar.

Clara: Como integran ás persoas con discapacidades de maneira efectiva no centro?

Carmen: Nós, temos moi poucos alumnos con discapacidades no centro. Están integrados porque están en grupos máis pequenos e saben perfectamente a súa situación e se axudan entre eles.

Foto de Marcelo Barreiro (IES Francisco Aguiar)

Javier: Como lle xurxiu a idea de facerse directora?

Carmen: Isto está relacionado co que vos dixen antes. Eu animaba á xente para que seguisen traballando.

Clara: Según o que estiven lendo sobre o seu clube de lectura, queríalle preguntar se se pode apuntar un rapaz que non estea no centro.

Carmen: En Betanzos xa tedes clube de lectura pero poderíamos pensar en facer un irmanamento para o ano que vén

Candela: Que pensas sobre os sentimentos nos estudios?
Carmen: Os sentimentos son importantes en todas as cousas e nos estudos tamén. Obviamente é importante conectar cos alumnos e que os alumnos conecten cos profesores.

Javier: Que planes tivo ou ten pensado para aplicar no centro?
Carmen: Continuar co que estamos facendo. Son moitos grupos de traballo que hai que seguir apoiando.

Clara: Teñen experimentado no seu clube de ciencia sobre as aplicacions de esta na vida diaria de persoas con discapacidade como por exemplo con tecnoloxía que substitúa aos libros de texto ou que facilite a movilidade nos novos tempos?
Carmen: No noso clube de ciencia, aínda que organiza moitas cousas, non vai tan alá como para traballar cousas complicadas como esas. Son cousas de alumnos e o que ti dis é moito máis complexo para un clube de ciencia de un instituto.

Javier: Cando estábamos investigando para facerlle as preguntas para a entrevista, vimos que a súa biblioteca non ten un nome normal, ten un peculiar que é A3P. Por que?
Carmen: Era por 3 palabras que comezan por "P" e outras 3 que comezan por "A".

Foto de Marcelo Barreiro (IES Francisco Aguiar)

Moitas grazas, M.ª Carmen por concedernos a entrevista, quedamos coa idea de que a educación é algo serio, xa que axuda ó aumento da cultura, pero tamén debe ter a súa parte divertida ou entretida.